

A FUME DE CAROZO

Santiago, decembro 2017

Viaxes culturais inclusivas

IES Urbano Lugrís, A Coruña



Introducción:

Valores e principios



Estamos a falar de viaxes culturais de dous ou tres días de duración.

Non se trata de simples viaxes de fin de curso ou visitas culturais.



Nun instituto nas marxes da cidade, con alumnado dunha gran diversidade cultural, social e económica.

Valoramos positivamente a nosa diversidade.




Entendemos as viaxes como unha ferramenta de intervención social, de atención á diversidade e de compensación de desigualdades sociais.



Participan rapaces de todos os niveis (desde 1º ESO a 2º Bach e FPB), con distinto rendemento académico, de diversas procedencias e de diferentes niveis económicos.

Introdución



Estas viaxes están moi ligadas ao **Club de lectura**, que ten un funcionamento moi aberto, pero organizado.

Facemos lecturas literarias en sentido estrito, pero tamén pictóricas, fotográficas en diferentes idiomas. Sobre todo, relacionadas coa actualidade.

Procuramos que sexan reunións activas, case sempre con algún pequeno reto literario. Ao finalizar, obsequiámoslles con froita ou froitos secos.

AS VIAXES



▮ VILA DO LIBRO DE URUEÑA (Valladolid)




Curso 2015-16

▮ VILA DO LIBRO DE ÓBIDOS (Portugal)



Curso 2016-17

- Neste curso (2017-18) estamos preparando unha viaxe a **SALAMANCA E BRAGANÇA**




ANTES

- Coidadosa selección de destino
 - Culturalmente interesante.
 - Económico, pero con “calidade”.
- Autofinanciamento
 - Mercadiños
- Reunión con pais e nais.
- Folleto explicativo.




Data: 17-19 maio 2017
Lugar: Óbidos (Portugal)

Club de lectura *Un mar de contos*
IES Urbano Lugrís



presenta

VISITA CULTURAL A ÓBIDOS



Viaxe á Vila do libro de ÓBIDOS

17, 18 e 19 de maio **PLAN DA VIAXE:**

MÉRCORES DÍA 17:

- 8:30 Saída do centro coa comida dirección **Gulmarães**.
- 12:00 (11:00 hora portuguesa) chegada á cidade: Visita ao casco vello e subida ao teleférico da *Montaña da Penha*. Logo comida.
- 16:00: Saída dirección **Porto**. Chegada á cidade ás 17:00. Visita centro cidade (catedral, torre dos clérigos, Palacio da Bolsa, estación de tren *São Bento*, ribeira de pescadores e Ponte Don Luís I) e librería *Lello e Irmão*: unha das máis fermosas do mundo. As súas escaleiras inspiraron as de Hogwarts nos libros de Harry Potter.
- Aloxamento sen almorzo en HOTEL ROYAL en Porto.



XOVES DÍA 18:

- 9:00: Despois de almorzar saímos as 9:00 cara **Óbidos**.
- 11:30: Visita completa á vila do libro (librarias orixinais, muralla e castelo). Comida en restaurante na cidade vella (prezo axustado).
- Vista á praia cercana pola tarde **Baleal (Peniche)**.
- Aloxamento con almorzo en CT HOSTEL Baleal, preto de Óbidos.



VENRES DÍA 19:

- 9:30: Saída despois do almorzo cara **Aveiro**, a Venecia portuguesa.
- Chegada a Aveiro sobre 11:30. Paseo nas barcas típicas (moliceiros) e percorrido pola vila.
- Xantar na Adega "Evaristo", no centro.
- Saída de volta a Coruña sobre as 16:00.
- **Chegada ao instituto arredor das 20:00**





AVISOS E RECOMENDACIÓNS

- Levar permiso de pais/nais expedido pola policía.
- Levar o DNI ou documento acreditativo de identidade.
- Levar tarxeta da Seguridade Social e tarxeta sanitaria europea.
- Levar roupa de reposto cómoda e neceser cos enseres precisos para o aseo.
- Levar comida para o xantar do primeiro día (bocadillo, froita, auga). Procurade, en todo caso, que sexan alimenticios.
- Pode levarse teléfono móbil, táblat, cámara de fotos ou similares dispositivos. O profesorado indicará en que circunstancias se poden levar.
- Avisar ao profesorado acompañante se algún rapaz ou rapaza ten alerxia ou enfermidade de calquera tipo que sexa conveniente ter en conta.
- Prégase puntualidade na hora de saída.



ANTES



- ▮ Programa moi intenso.
- ▮ Actividades culturais e literarias.




DURANTE





- ▮ Retos literarios.
- ▮ Lecturas no bus ou en lugares escollidos.

DURANTE



DURANTE



- ▣ Primeiras experiencias para moitos.
- ▣ Coidar o bo clima.
- ▣ Resolución de conflitos e ir



DESPOIS



- Entradas no blog sobre [Urueña](#) e sobre [Óbidos](#).
- Fotos no facebook de Biblio Luguís.
- Vídeos e visionado conxunto na biblioteca:
[Vídeo sobre a visita a Óbidos](#)



DESPOIS



- Resultados de retos.
- O que nos contan.
- Confianza, cohesión.



Deje mi cuerpo inerte sobre aquellos campos llenos de vida, dejándome llevar por el sonido de mis pensamientos, alejados de la cruel verdad



El mundo es un libro, y aquellos que no viajan a Urueña, solo leen una página, el mapa.

Alba Fariña

Paula Grangel

DIARIO DUN LUGRISIÁN EN URUEÑA

Somos persoas con 5 sentidos inconscientes da realidade. Ata que non a podemos sentir por riba deses sentidos, non sabemos nada. Nin sequera de nós mesmos. Por iso viaxamos. Precisamos ver, escoitar, ulir, tocar e saborear todo aquilo que descoñecemos. Precisamos ata afastarnos do lugar ao que pertencemos para descubrir quen somos en verdade. Existen dous tipos de viaxes: Aquelas que emprendemos sós e aquelas que emprendemos sós con persoas ao noso lado. Podemos partir cara todo destino en calquera destes casos, mais só podes ter a seguridade de que volverás acompañado nun deles.

Que é acompañar senón coñecer, fortalecer, apoiar e seguir a quen fí o propio con outros? Podemos acompañar a calquera persoa só por sentir no mesmo asento ca ela. Podemos acompañar a calquera persoa convivindo con ela nun espazo e tempo determinados. Podemos acompañar a calquera persoa nun paseo por unhas rúas cheas de historias, ollando interminables prados ou ata percorrendo portentosas murallas dando as que sentirse máis preto do ceo.

A esencia de toda viaxe é o que gañamos con ela. Podemos presuirmos máis aló da nosa terra, podemos dicir que coñecemos unha vía chea de cultura, con enriquecidas librerías, coidados museos... Un lugar choo tamén de novas palabras que ata os ventos da Castela nos achegaron. Podemos demostrar que coñecemos a escritura propia da época de Carlomagno. Pero máis importante aínda, sempre poderemos lembrar os compañeiros que esta viaxe nos levou a coñecer.

Pese a todo, seguirmos sen ser conscientes de todo o que nos rodea. Son os nosos sentidos os que nos permiten notalo todo, pero non todo ten por que sentirse.

Palabras xordas que escoitamos. Maxes cegas que o amosan todo. Sabores que proban a insipidez de quen os acompaña. Olores que nunca han cheirar aquilo que arredende. Que tacto ten a Nada?

Dende a nada comeza o todo. E todo é o que queremos chegar a saber. Pero non sería o mesmo... O ser humano necesita fame de coñecementos. Por iso temos que ser gratos coa nosa inconsciencia, porque nos permite saber máis, encher o baleiro da nosa mente.

Ao non saber lle temos que agradecer experiencias como esta. Para rematar plantexo as dúas preguntas: Para ser conscientes precisamos máis dos sentidos ou dos sentimentos? Son efémeros ou eternos?

Gonzalo Conde, 2º Bach

Gonzalo Conde

CONCLUSIÓN

Leccións aprendidas:

- Preparar todo ben, pero contar con imprevistos.
- Ter en conta as opinións e suxestións do alumnado.
- Coidar que haxa bo ambiente na medida do posible.
- Previr posibles conflitos e frear ao inicio, facendo uso intelixencia emocional.

Cando o clima flúe, a miúdo hai resultados positivos inesperados.

